

A POBRA DO CARAMIÑAL

GUÍA TURÍSTICA





Aloumiñada polas quedas augas da ría da Arousa e resgardada polo monte da Curota, atópase a vila da Pobra do Caramiñal. Fogar de xente entregada ó mar, anfiteatro natural da serra do Barbanza, escenario da vida e obra de D. Ramón del Valle-Inclán... Todo isto toma forma nas súas paisaxes de vistas incríveis, nos seus espazos naturais de auga doce e salgada, nas súas rúas, nas súas xentes...

Edita: Concello da Pobra do Caramiñal

Impresión: Publicolor Serigrafía

Maquetación: Publicolor Serigrafía

Textos: Sara Sánchez Fernández

Fotos: Sergio P. Boullón, Adrián González e Alamancos

ÍNDICE

● Como chegar

● Información práctica

● Un pouco de historia

● Espazos naturais

● Praias

● Patrimonio

● Museo Valle-Inclán

● Rutas

● As nosas festas

+ INFO APOBRA.GAL/TURISMO

COMO CHEGAR

A Pobra do Caramiñal ten unha situación privilexiada dende o punto de vista das comunicacións terrestres. Grazas a isto, atópase a só 50 minutos de cidades tan importantes coma Santiago de Compostela ou Pontevedra. Para chegares ata aquí, é moi sinxelo:

Se vés pola AP-9 dende Vigo ou Pontevedra, debes ir dirección norte e toma-la saída de Catoira;

Se vés pola AP-9 dende A Coruña ou Santiago de Compostela, debes ir dirección sur e toma-la saída de Padrón.



Distancias ás principais cidades galegas :

- A Coruña** 131 km (1h. 25 min.)
- Santiago de Compostela** 60 km (50 min.)
- Pontevedra** 62 km (54 min.)
- Vigo** 87 km (1 h. 6 min.)
- Lugo** 193 km (2 h.)
- Ourense** 157 km (1 h. 45 min.)



INFORMACIÓN PRÁCTICA

INFORMACIÓN TURÍSTICA

A Pobra do Caramiñal conta cun punto de información turística situado nas dependencias do Museo Valle-Inclán (torre de Bermúdez, praza do Cantón da Leña) que permanece aberto ó longo de todo o ano. Ademais, en tempada alta (Semana Santa e meses estivais) tamén se atopa operativa a oficina municipal de turismo da Pobra do Caramiñal, situada no céntrico contorno do parque do Castelo. En ámbolos dous, pódese atopar información turística comarcal e municipal: guías, mapas, planos, así como todo o material divulgativo que teña que ver coas diferentes actividades programadas ó longo do ano polos distintos departamentos municipais.

Teléfonos de contacto: 671 090 262/ 687 482 835

Correo electrónico: turismo@apobra.gal

Páxina web: apobra.gal/turismo



UN POUCO DE HISTORIA

UN POUCO DE HISTORIA

O que hoxe en día é o concello da Pobra do Caramiñal é froito da unión de dúas localidades veciñas: A Pobra do Deán e a vila do Caramiñal.

Estímase que A Pobra do Deán foi fundada na primeira metade do século XIV a partir dun asentamento estacional de pescadores. Esta localidade estaba rexida pola Igrexa, concretamente por un deán do cabido compostelán, de xeito que A Pobra iniciou unha carreira como porto comercial e pesqueiro que chegou a competir con Padrón, co cal tería discordias respecto ó control directo sobre esta costa ó longo do século XV.

No século XVI, prospera a veciña localidade do Caramiñal, a cal recibiu o título de “vila” en 1554 por parte do cabaleiro Gómez Pérez das Mariñas. É nesta época de esplendor cando se constrúen os templos de Santa María a Antiga e a igrexa parroquial do Xobre, ademais da torre de Bermúdez.

A unión de ámbalas dúas entidades tivo lugar en 1822, se ben é certo que non foi definitiva ata o 1840. A partir de entón viñeron tempos de prosperidade para a nova Pobra do Caramiñal, pois no século XIX prodúcese unha reactivación da industria naval e das actividades pesqueira e portuaria, ligada á vangarda do sector conserveiro. Como lembranza desta época, permanece aínda parte do que fora o “barrio dos cataláns”, os cales se estableceron nos Areos, e que pode considerarse como un dos primeiros polígonos industriais da zona e xerme da actual industria conserveira, que segue a ser un importante puntal económico tanto para A Pobra do Caramiñal coma para toda a comarca do Barbanza.



ESPAZOS NATURAIS


A Pobra do Caramiñal acolle numerosos espazos naturais que son parada obrigada para tódalas persoas que pasan por estas terras. Hai miradoiros de vistas espectaculares á beira do mar, como o da Pedra da Moura; outros ofrécenno-las mellores vistas panorámicas deste recuncho da ría da Arousa dende o monte da Curota; tamén hai paseos marítimos e fluviais como o dos Areos ou o das Xunqueiras e lugares dunha beleza incuestionable, como as piscinas naturais do río Pedras.



PISCINAS NATURAIS DO RÍO PEDRAS

Co paso dos anos, o río Pedras foi esculpindo concas de gran beleza onde, logo da andaina que nos achega ata elas, o que máis apetece é un baño refrescante. Os saltos de auga e as pequenas fervenzas sucédense ó longo

deste espazo de frondosa vexetación. Ademais, ó longo do percorrido, atópanse distintos vestixios patrimoniais que farán aínda máis interesante, se cabe, a visita.



MIRADOIROS



MIRADOIRO DE VALLE-INCLÁN

A 368 m de altitude, atópase este miradoiro-monumento a Ramón del Valle-Inclán. A estatua, de Benito Prieto Coussent, conmemora as excursións do célebre escritor pola serra do Barbanza. Ofrece unhas espléndidas vistas sobre a ría da Arousa e as distintas poboacións a ámbolos dous lados da ría.



MIRADOIRO DA CUROTIÑA

Dende este miradoiro poderemos contemplar sen dúbida unha das mellores panorámicas de Galicia. Destacan os polígonos de bateas perfectamente aliñados, os cales co paso dos anos pasaron a facer parte da nosa paisaxe; a illa de Sálvora, protexendo solemne a boca da ría; e, se o día está moi claro, pódense ver tamén as illas Ons e Cíes e o monte de Santa Trega, xa case na fronteira con Portugal.



MIRADOIRO DA PEDRA DA MOURA

Trátase do miradoiro litoral por excelencia do concello da Pobra do Caramiñal. Ofrece unhas vistas privilexiadas da ría da Arousa. Está situado nunha contorna natural de gran beleza, ó pé da inmensa rocha granítica que lle dá nome e que contribúe coa súa caprichosa forma a facer máis fermosa a paisaxe que dende alí se pode contemplar.



PASEO DAS XUNQUEIRAS

Trátase dunha zona en que se desenvolveu un ambicioso proxecto de rexeneración ambiental que permitiu recuperar un ecosistema de gran valor. O paseo por este estuario permite coñecer en vivo as distintas especies de flora e fauna típicos das marismas.

PRAIAS

A Pobra do Caramiñal posúe un amplo abano de praias de augas tranquilas, ideais para a práctica de deportes náuticos e para tomar un bo baño na ría máis grande de Galicia. Destacan a da Lombiña-Cabío, A Illa e A Barca, equipadas con servizos de restauración e lecer; a praia da Corna, a máis extensa e salvaxe, cun sistema de dunas fixas ben conservado ou a dos Areos-Santo Antonio, praia urbana e única da zona en que se permite acudir con mascotas. Se prefires pequenas e solitarias praias, na Pobra do Caramiñal tamén temos varias

onde elixir. Na parroquia de Santo Isidro, podes atopar as praias da Ribeiriña, A Mercé, Os Cons-Os Raposiños e a pequena praia de San Lázaro, todas elas accesibles a través de sendeiros e resgardadas por contornos arborados. E, situadas na parroquia do Xobre, atópanse as calas de Niñeiriños e Agronovo, as únicas praias de carácter naturista do concello. Iso si, lembra que todas elas conservan o seu estado natural e contan unicamente cos servizos máis básicos de limpeza e accesos.



PRAIA DA LOMBIÑA-CABÍO

É a praia mellor acondicionada en canto a servizos se refire: zonas de aparcamento, posto de socorro, merendeiros, restaurantes e empresas de actividades náuticas son algúns deles. Trátase dun areal resgardado, de augas tranquilas e area branca. Destaca a súa enseada en forma de cuncha e o seu paseo marítimo, con preciosas vistas sobre a ría da Arousa. Ocupación estival alta.



PRAIA DA BARCA

Cara ó norte e separada da praia da Lombiña-Cabío por un rochedo, atópase a praia da Barca que, pola súa proximidade, comparte servizos coa anterior. Ideal para familias. Ocupación estival alta.



PRAIA DOS AREOS-SANTO ANTONIO

Praia de contorno urbanizado, de augas tranquilas, area branca e fina, ideal para a práctica de deportes náuticos. A continuación desta, e ó outro lado da desembocadura do río Xundeirama, atópase a praia de Santo Antonio. Esta última e a zona sur da praia dos Areos son as únicas do noso concello ás cales podes acudir coa túa mascota. Ocupación estival media-alta.



PRAIA DA ILLA- A LAXE

A tan só uns metros da Lombiña-Cabío cara ó sur, atópase este fermoso areal de augas quedas, resgardado por un frondoso piñeiral. Trátase dunha praia familiar. Ocupación estival alta.



PRAIA DA CORNA

trátase do areal máis extenso do termo municipal (1500 m aprox.) e, sen dúbida, dun dos máis virxes, pois conserva as súas lombas dunares con vexetación propia dos ecosistemas costeiros e conta cos servizos máis básicos (limpeza e accesos). Praia menos resgardada ca outras, pero de ondada tranquila. Ocupación estival media.

PATRIMONIO

O paso do tempo foi deixando numerosos vestixios patrimoniais na Pobra do Caramiñal que paga a pena coñecer: un patrimonio civil rico en pazos, como a torre de Xunqueiras ou a torre de Bermúdez (que acolle o Museo Valle-Inclán), ámbolos dous declarados “monumento histórico-artístico de carácter nacional”, ou o pazo do Couto e a casa grande de Aguiar, que coroan solemnes o conxunto histórico do Castelo. Pero na Pobra do Caramiñal tamén hai igrexas e capelas que poñen de manifesto

a importancia desta pequena vila aousá ó longo dos tempos, entre as cales destacan a igrexa de Santiago do Deán ou a de Santa María a Antiga do Caramiñal, ámbalas dúas situadas nas parroquias do centro da vila. Pero se queremos internarnos aínda máis no pasado máis profundo da localidade, só temos que nos achegar ós seus xacementos arqueolóxicos: os sartegos do Pomar, O Folgoso Vello ou as ruínas do eremitorio de San Xoán da Misarela non nos deixarán indiferentes.



PAZOS

TORRE DE XUNQUEIRAS

(monumento histórico-artístico de carácter nacional)

Trátase dunha fortaleza medieval que destaca pola torre da homenaxe, por un claustro de soportais, pola elegancia clásica das súas portadas renacentistas e por unha terraza de atrevidos beirís barrocos. É este un espazo moi relacionado con Ramón del Valle-Inclán, non só no que a literatura se refire, pois foi escenario das ficcións literarias do Marqués de Bradomín, senón tamén no que respecta á súa vida persoal, pois era lugar habitual dos seus pasatempos estivais.

CASA GRANDE DE AGUIAR

Forma parte do conxunto histórico do Castelo, xunto co pazo do Couto e a igrexa de Santiago do Deán. As súas orixes atópanse nunha torre do século XVI, malia que foi reformada en tempos do Barroco. Non se admiten visitas ó seu interior.

PAZO DO COUTO

Atópase no núcleo histórico do Castelo, formando conxunto coa igrexa de Santiago do Deán e coa casa grande de Aguiar. A súa construción data dos séculos XVIII e XIX. Destaca polo seu xardín con fonte barroca e labirinto de buxo. Non se admiten visitas ó seu interior.

TORRE DE BERMÚDEZ

(monumento histórico-artístico de carácter nacional)

Construída entre 1540-1545, estamos ante unha residencia civil de elegante ornamento clásico, que debemos situar entre as máis excepcionais que se documentaron na historia da arte do noroeste peninsular. Este sobresaliente pazo renacentista alberga a sede do Museo Valle-Inclán.

IGREXAS/ERMIDAS/CAPELAS

ERMIDA DA VIRXE DO MONTE.

Oratorio campestre de elegante deseño clásico.



IGREXA DE SANTIAGO DA POBRA DO DEÁN (sécs. XIV-XVIII)

Templo xacobeo de estilo gótico, enriquecido con preciosas capelas do Renacemento, Barroco e Neoclasicismo. Entre elas destaca particularmente a capela da Alba, obra do séc. XVI decorada con elementos arquitectónicos e figuras labradas en granito que configuran un conxunto de notable singularidade. Destacan tamén varias pezas escultóricas no exterior, como a do apóstolo Santiago na ábsida, de estilo románico, ou os músicos da fachada principal.

IGREXA DE SANTA M.ª A ANTIGA DO CARAMIÑAL (sécs. XVI-XVII, con nave engadida no séc. XX)

Igrexa con ábsida renacentista. A súa nave principal e os seus retablos son de traza barroca. No exterior do templo, de cantaría granítica, destaca a fachada principal, con portada alintelada enmarcada por piastras e frontón con fornela, sobre a cal se sitúa un óculo de iluminación e escudo de armas labrado.

IGREXA DE SANTO ISIDORO DE POSMARCOS (sécs. XVII- XVIII)

Sobre o orixinario templo románico, edificouse unha igrexa de marcado carácter rural. Destaca a espadana anexa con campás e a composición da súa portada, con arco de medio punto e oco de iluminación rectangular, sobre os cales se dispón o relevo do busto de santo Isidoro e a Virxe do Socorro.

IGREXA DE SANTA MARÍA DO XOBRE (sécs. XVIII-XIX)

Inclúese dentro dun conxunto de edificacións que recolle a igrexa parroquial, casa reitoral, cemiterio e

ruínas do convento de franciscanos de Santo Antonio. A igrexa parroquial, dunha soa nave, presenta fachada de cantaría rematada con frontón partido. É resultado dunha obra posterior o remate do campanario lateral.

IGREXA DE SANTA CRUZ DE LESÓN (séc. XX)

Aínda que existen referencias da existencia dun templo en Lesón como anexo parroquial de Santiago do Deán e a consagración dunha igrexa románica no séc. XII, a construción actual data do ano 1906 e está constituída por un templo rural dunha soa nave, coroándose a composición mediante unha sinxela espadana.

ERMIDA DA GUADALUPE DOS CASÁS

Trátase dunha sinxela construción, de planta case cadrada, que se corresponde coa reedificación aínda recente dunha antiga capela preexistente, toda ela de estrutura moi sinxela e muros de cachotaría ós cales se abren moi poucos ocos.

BARRIO DOS CATALÁNS

Nesta zona da Pobra do Caramiñal foi onde se asentaron os fomentadores cataláns entre a segunda metade do século XIX e principios do século XX e estableceron os almacéns de salgadura de sardiña. É ó longo desta época cando se produce unha reactivación da industria naval e das actividades pesqueira e portuaria, ligadas á vangarda dun sector que se convertería, co paso do tempo, nun dos puntais económicos da vila, pois é o xerme do que hoxe en día son as industrias conserveiras.

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

RUÍNAS DO EREMITORIO DE SAN XOÁN DA MISARELA

Na confluencia dos ríos San Xoán e Barbanza, atópase o xacemento de San Xoán da Misarela. Trátase das ruínas dun convento franciscano que estivo habitado na Baixa Idade Media. A tradición oral di que o eremitorio foi fundado por san Mauro, quen chegou ata alí nunha barca de pedra. Os mouros perseguíanlo pero a providencia, segundo o santo ía remontando o río, íao enchendo de cantos, para obstaculizárlle-lo paso ós seus perseguidores, e de aí o nome de río Pedras. Nas súas inmediacións atópase unha ponte tamén medieval, un petróglifo cruciforme e a xa nomeada barca de pedra, o que fai deste lugar un conxunto arqueolóxico que paga a pena visitar.

O FOLGOSO VELLO

Trátase dun xacemento arqueolóxico singular pola súa natureza e cronoloxía, xa que é un asentamento gandeiro do século II a.C. Está composto por un curral circular de máis de 30 m de diámetro e no seu interior acolle 3 construcións: unha delas correspóndese coa cabana do pastor(es). No seu contorno atópanse restos de máis dunha ducia de construcións de similar natureza.

SARTEGOS DO POMAR

Trátase de dúas tumbas antropomorfas escavadas na rocha seguramente de época altomedieval. Atópanse nun lugar idílico, a escasa distancia do actual templo de santo Isidoro de Posmarcos, no medio dun fermoso bosque.

CASTRO DA CROA

Asentamento da Idade do Ferro situado nunha zona agraria e fluvial da parroquia de Posmarcos.



MUSEO VALLE-INCLÁN

O Museo Valle-Inclán está situado na torre de Bermúdez, edificio declarado “monumento histórico-artístico de carácter nacional” no ano 1976. Trátase dun pazo renacentista que se debe situar entre as residencias deste estilo máis excepcionais do noroeste peninsular e que pertenceu á familia paterna do escritor.

Se ben é certo que Ramón del Valle-Inclán non naceu na Pobra do Caramiñal, pasou longas tempadas vivindo nesta vila, concretamente entre os anos 1916 e 1925 nos cales escribiu obras tan importantes como Luces de bohemia ou Divinas palabras entre outras.

Neste museo, de titularidade municipal, pódense atopar interesantes artigos relacionados co escritor: primeiras e segundas edicións orixinais das súas obras, efectos persoais, fotografías da época, documentación, obras de arte, mobiliario orixinal das súas distintas vivendas e incluso roupas utilizadas en distintas representacións teatrais.


Torre de Bermúdez. Cantón da Leña s/n 15940
A Pobra do Caramiñal / T. 981 831 662



RUTAS


RUTA DOS MIRADOIROS RP O2A

Distancia: 18 km.
Altitude: 472 m.




RUTA ALTO DAS TORRES E ALTO DA LAGOA RP O1

Distancia: 25 km.
Altitude: 615 m.



RUTA CIRCULAR ENTRE MIRADOIROS RP O2B

Distancia: 4,3 km.
Altitude: 467 m.



Capelas

Pazos

Torre

Museo

Castro/Arqueoloxía

Piscinas Naturais

Vd. está aquí

Igrexas

Clínica/Hospital

Polígono Industrial

Información

Ruta Alternativa

Puntos de Referencia Gráfica

Porto do Son

Ribeira



RUTA VALLE-INCLÁN

A.- TORRE DE BERMÚDEZ | MUSEO. Ben de Interese Cultural. Monumento histórico-artístico de carácter nacional (séc. XVI). Alberga unha sobresaliente colección visible. Escenario evocado en relatos de ficción galega como “Jardín umbrío”

B.- ANTIGO HOSTAL FERRO. Establecemento de hostalería contemporáneo a don Ramón del Valle-Inclán e señora, a actriz dona Josefina Blanco, como persoas viaxeiras aquí aloxadas (1915-1917)

C.- CASAL DA MERCÉ. Foi un priorado desamortizado en 1835. A residencia máis importante para o escritor e a súa familia en Galicia. Período fecundísimo no literario (1917-1921)

D.- VILLA EUGENIA. A familia Valle-Inclán trasládase a esta residencia despois de abandona-lo proxecto campesiño da Mercé. Período igual de importante no literario (1922-1925)

E.- FARMACIA DE TATO. Célebre parladoiro nas tardes de recreo vilago

F.- IGREXA DE SANTIAGO DO DEÁN. Núcleo da tradición nazarena, romaxe de persoas ofrecidas e amortalladas, evocada en textos valleinclanianos como “Divinas palabras”

G.- CASA GRANDE DE AGUIAR | PAZO DO COUTO. As familias Rábago, Valderrama e Valle-Inclán comparten tempos de historia e momentos de lecer na infancia e xuventude. Uns ambientes pacescos e de inspiración literaria

H.- IGREXA DE SANTA MARÍA A ANTIGA DO CARAMIÑAL. Parroquia das xentes devanceiras de Valle-Inclán na vila e de cando a súa propia estada familiar na rúa San Roque, evocada en textos como “Mi bisabuelo”

I.- PASEO DOS AREOS | CASA DE GARCÍA MARTÍ. Fogar e estudio do prolífico ensaísta D. Victoriano García Martí, “fillo predilecto” da localidade. O prólogo ó libro “De la felicidad” foi escrito polo seu amigo don Ramón.

L.- TORRE DE XUNQUEIRAS | GASSET. Ben de Interese Cultural. Monumento histórico-artístico de carácter nacional (sécs. XV-XVIII). Escenario recreado nas aventuras literarias do “Marqués de Bradomin”

M.- CUMIOS DO BARBANZA | MIRADOIRO DE VALLE-INCLÁN. Marco natural de vistas panorámicas únicas, onde a veciñanza da vila lle tributou unha festa homenaxe (1919). A escultura é obra de vangarda labrada por Benito Prieto Coussent (1936).

N.- XARDÍNS VALLE-INCLÁN | ALAMEDA. Espazo natural para recreo cidadán. Preto do relevo retrato do escritor destaca a presenza da camelia xapónica Valle-Inclán, creada en homenaxe ó universal escritor.



- 1.- Vestixios da torre do Deán. Arquitectura medieval (sécs. XIV e XV)
- 2.- Calzada empredada. Infraestrutura da Idade Moderna (séc. XVIII)
- 3.- Cruceiro. Adro de Santiago da Pobra do Deán (séc. XVIII)
- 4.- Igrexa de Santiago da Pobra do Deán (sécs. XIV-XIX)
- 5.- Pazo do Couto (sécs. XVIII-XIX)
- 6.- Casa grande de Aguiar (sécs. XVI e comezos do XIX)
- 7.- Antiga escola de artes e oficios. Arquitectura modernista (séc. XIX)
- 8.- Casal de Montenegro | Casa do Cuadrante (sécs. XVIII-XIX)
- 9.- Casa da Estrela. Arquitectura medieval (sécs. XIV-XV)
- 10.- Casa de Rábago Paseiro (séc. XVIII)

- 11.- Fonte do antigo peirao. Fundición alemá (séc. XIX)
- 12.- Antigo cine Elma. Arquitectura racionalista (séc. XX)
- 13.- Casa gótica do patín. Arquitectura medieval (sécs. XV-XVI)
- 14.- Hospitaliño de persoas peregrinas (séc. XVII)
- 15.- Antiga pousada (séc. XVIII)
- 16.- Casa con patín. Arquitectura tradicional (sécs. XVIII-XIX)
- 17.- Urbanismo do primeiro PXOM. Arquitectura ecléctica (sécs. XIX-XX)
- 18.- Igrexa de Santa María a Antiga do Caramiñal (sécs. XVI e XVIII)
- 19.- Casa consistorial. Palacete ecléctico (séc. XIX)
- 20.- Cruceiro. Praza do Cristo do Pichón (séc. XVIII)

RUTA DO PATRIMONIO CULTURAL

- 21.- Casa da cadea (antiga casa consistorial e cárcere), séc. XVIII
- 22.- Barrio dos Cataláns. Tránsito das salgaduras á industria conserveira (séc. XIX)
- 23.- Pescantina: escultura en bronce de Sánchez Mendizábal
- 24.- Torre de Bermúdez, “Monumento Nacional”, sede do Museo Valle-Inclán (séc. XVI)
- 25.- Escultura en bronce de D. Ramón del Valle-Inclán, de Sánchez Mendizábal
- 26.- Antiga taberna. Arquitectura medieval (sécs. XV-XVI)
- 27.- Casa “do pincho”, arquitectura tradicional (séc. XIX)
- 28.- Xardíns Valle-Inclán, primeira alameda da comarca (1.ª metade do séc. XX)
- 29.- Antigo casino e Teatro Principal (séc. XIX)

AS NOSAS FESTAS

Como boa localidade galega, A Pobra do Caramiñal conta con festas e romarías que teñen lugar sobre todo na época estival, aínda que ó longo do ano tamén se realizan distintos tipos de eventos susceptibles de atraeren público da máis diversa índole, tales coma a Semana do Mar (celebrada en xullo), o festival Entre Bateas (que ten lugar a finais de agosto-principios de setembro) ou as Xornadas de Homenaxe a Valle-Inclán (que se celebran cada ano nos meses de outubro-novembro).

A seguir, unha mostra das nosas festas máis destacadas:

Máis información sobre as nosas festas na web:
apobra.gal/turismo

CARME DO CASTELO

Ten lugar na fin de semana máis próxima ó día 16 de xullo. A procesión, que orixinalmente era marítima, ten lugar no domingo. Caracterízase pola celebración dunha popular “sardiñada” e pola música e baile tradicionais que se suceden ó longo de toda a fin de semana e que culminan coa celebración dun serán en que participan os grupos da localidade.

NOSA SRA. DE MOLDES

Celébrase na contorna do cruceiro do mesmo nome no segundo domingo de maio.

ROMARÍA DA VIRXE DE GUADALUPE

No lugar dos Casás ten lugar esta romaría na honra á Virxe Moreniña. Celébrase no primeiro domingo de setembro.

NOSA SRA. DA MERCÉ

Ten lugar no día 24 de setembro na capela da Mercé.



NAZARENO

Declarada “festa de Galicia de interese turístico” no ano 2000, é, sen dúbida, a festividade máis popular de todas cantas teñen lugar na Pobra do Caramiñal. Estas festas teñen unha duración de 4 días, se ben o día grande é aquel no cal ten lugar a procesión, que se celebra cada terceiro domingo de setembro. Esta procesión xa se vén celebrando dende antigo, pois data do séc. XV. Conta a lenda que o rexedor da Pobra do Deán por aquel entón condenou a morte catro salteadores e na véspera da procesión caeu gravemente enfermo, polo cal se encomendou ó Nazareno. Tras recupera-la saúde, presentouse na procesión vestindo a súa mortalla e mandoulles ós condenados que portasen o seu cadaleito durante aquela. Unha vez finalizada, e como gratitude ó santo, o rexedor indultounos. Hoxe en día, milleiros de fieis acoden á Pobra do Caramiñal para presenciar unha das procesións máis peculiares de Galicia, pois o Nazareno segue indo en procesión acompañado dun desfile de cadaleitos baleiros que circulan antes dos devotos que esquivaron a morte grazas á súa intervención. Esta non deixa de ser unha imaxe impresionante tanto para xentes crentes coma escépticas, pois, aínda que a morte está moi presente, non é máis que a imaxe clara do triunfo da vida.



CARME DOS PINCHEIROS

Celébrase a fin de semana que coincide co terceiro domingo de agosto, día en que ten lugar a procesión. Os “pincheiros” eran mariños que se dedicaban á arte de pesca do pincho, a cal se empezou a utilizar na ría da Arousa no séc. XVIII. En agosto era cando remataba a campaña, motivo polo cal se “trasladou” a celebración na honra á Virxe do Carme, para que a xente do mar non a perdesse. Hoxe en día é unha das festas máis concorridas da Pobra, ó coincidir co momento cume da tempada estival. O máis característico, ademais das agrupacións de música tradicional e dos concertos de bandas de música de toda Galicia, son as comparsas de xigantes e cabezudos que alegran cos seus bailes as principais prazas do centro da vila e tamén a celebración dos San Xuerquins, en que participan agrupacións formadas pola mocidade da localidade e que culmina coa popular “festa da auga”.





**CONCELLO DA
POBRA DO CARAMIÑAL**

Rúa Gasset, 28,
A Pobra do Caramiñal
15940, A Coruña
TLF: 981 84 32 80